

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Xuño 2009

NOTA DE PRENSA

En xuño de 2009 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 3,4% e un 13,3% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 3,4% en xuño de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 13,3%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 2,7% e os dos importados un 11,1%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 11,2%. Pola contra, os prezos dos bens de consumo e bens intermedios diminuíron un 2,3% e un 8,1% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo incrementáronse un 13,4 con respecto a xuño de 2008. Os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios diminuíron un 1,8% e un 19,4% respectivamente.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xuño 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-3,4	-2,7	ÍNDICE XERAL	-13,3	-11,1
Bens de consumo	-2,3	-3,7	Bens de consumo	-1,8	1,0
Bens de equipo	11,2	13,9	Bens de equipo	13,4	-6,5
Bens intermedios	-8,1	-4,9	Bens intermedios	-19,4	-15,2

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 6,4% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE. Os prezos dos bens con destino a OCDE, a UEM e a UE-25 diminuíron un 5%, un 5,8% e un 5,9% respectivamente.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE diminuíron un 10,8% e os procedentes do resto de países un 16,7%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xuño 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-5,8	-4,3	UEM	-4,8	-7,2
UE-25	-5,9	-5,1	UE-25	-7,8	-9,0
OCDE	-5,0	-3,7	OCDE	-10,8	-11,0
Resto de países	6,4	3,2	Resto de países	-16,7	-11,2

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>